



REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

DELEGACIÓN DO ALUMNADO DE MINAS E ENERXÍA

UNIVERSIDADE DE VIGO
eme.delegacion@uvigo.gal



ÍNDICE

PREÁMBULO.....	1
TÍTULO I: DA NATUREZA E AS FINS DA DELEGACIÓN.....	2
TÍTULO II: DOS MEMBROS DA DELEGACIÓN	3
TÍTULO III: DOS ÓRGANOS DA DELEGACIÓN DO ALUMNADO	4
Capítulo 1º: A Xunta de Delegación.....	4
Capítulo 2º: A Dirección da Delegación do Alumnado	7
Capítulo 3º: As Comisións Asesoras	9
TÍTULO IV: DOS ASUNTOS ELECTORAIS	11
Capítulo 1º: Elección da Dirección da Delegación do Alumnado.....	11
Capítulo 2º: Elección dos/das Coordinadores/as das Comisións Asesoras	12
Capítulo 3º: Outros procesos electorais.....	13
TÍTULO V: DA MOCIÓN DE CENSURA.....	14
TÍTULO VI: DA ASEMBLEA DO ESTUDANTADO	15
TÍTULO VII: DO LOCAL DA DELEGACIÓN	16
TÍTULO VIII: DO PROCEDIMENTO SANCIONADOR.....	17
TÍTULO IX: DA REFORMA DO REGULAMENTO.....	18



PREÁMBULO

O artigo 172 dos Estatutos da Universidade de Vigo establece que o estudiantado poderá adoptar estruturas organizativas propias.

Do mesmo xeito, o punto 4 do artigo 172 establece que tódolos órganos da Universidade de Vigo potenciarán a creación de organizacións estudantís e velarán polo correcto desenvolvemento das súas actividades.

O local de Delegación do Alumnado é un lugar físico onde as persoas representantes dos diferentes órganos de goberno, as diversas Asociacións (mentres non dispoñan de local propio) e o estudiantado en xeral, reúnen e empregan os seus recursos.

O organismo base desta estrutura é a Delegación do Alumnado, que está composta por: os/as estudantes pertencentes á Xunta de Escola, os/as estudantes pertencentes ó Claustro Universitario, os/as estudantes membros dos Consellos de Departamento, os/as Delegados de Curso, os/as estudantes participantes no Programa de Mentorización da Escola e os/as estudantes que desexen formar parte dela.

O órgano colexiado da Delegación do Alumnado é a Xunta de Alumnado, composta polos estudantes membros de Xunta de Escola e Claustro Universitario. A Xunta de Alumnado vela polo bo funcionamento da Delegación, supervisando os seus órganos de dirección e xestión. A Xunta de Alumnado elixe de entre os seus membros ó Delegado/a do Alumnado, encargado de coordinar a Delegación. O Delegado do Alumnado desenvolve tódalas funcións propias do cargo e é apoiado por un Subdelegado/a, un Secretario/a e un Tesoureiro/a. A Xunta do Alumnado elixe tamén ós coordinadores das Comisións Asesoras. Estas Comisións son os núcleos onde se leva a cabo a meirande parte do traballo da Delegación. As comisións están dirixidas por un Coordinador ou Coordinadora, baixo a supervisión da Comisión Delegada, composta polo Delegado/a do Alumnado, o Subdelegado/a, o Secretario/a e o Tesoureiro/a.



TÍTULO I: DA NATUREZA E AS FINS DA DELEGACIÓN

Artigo 1.

A Delegación do Alumnado e tódalas estruturas que derivan dela funcionan como un órgano de representación do estudiantado, funcionando a un tempo como punto de información e asesoramento, asociación organizadora de eventos, xestora dos bens materiais e do local da Delegación (en colaboración coas Asociacións presentes no local) e de defensa dos intereses do estudiantado da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía ante tódolos órganos pertinentes.

A Delegación xurde do estudiantado para o estudiantado, e tódalas accións que leve a cabo terán en conta este feito.



TÍTULO II: DOS MEMBROS DA DELEGACIÓN

Artigo 2.

Son membros da Delegación do Alumnado:

- a) O/A Delegado/a da Delegación do Alumnado, que a preside e convoca a Xunta do Delegación.
- b) O/A Subdelegado/a de Delegación do Alumnado, encargado das funcións do Delegado/a na súa ausencia.
- c) O/A Secretario/a da Delegación do Alumnado, que será a un tempo Secretario na Xunta de Alumnado.
- d) O/A Subsecretario da Delegación do Alumnado, encargado das funcións do Secretario na súa ausencia.
- e) O/A Tesoureiro da Delegación do Alumnado.
- f) As dúas persoas Vogais da Delegación do Alumnado.
- g) Tódolos/as representantes do alumnado da Escola de Minas e Enerxía na Xunta de Escola.
- h) Tódolos/as representantes do alumnado da Escola de Minas e Enerxía no Claustro Universitario.
- i) Todo o alumnado participante no programa de mentorización da Escola de Minas e Enerxía que teña a formación completada satisfactoriamente, durante o curso escolar correspondente, se así o desexa.
- j) Todo o alumnado da Escola de Minas e Enerxía que o solicite formalmente mediante unha Solicitud de Admisión dispoñible no local da Delegación e online e previa avaliación positiva da solicitude pola Xunta de Delegación nun prazo non superior a un mes dende a súa presentación.



TÍTULO III: DOS ÓRGANOS DA DELEGACIÓN DO ALUMNADO

Capítulo 1º: A Xunta de Delegación

Artigo 3.

A Xunta de Delegación é o órgano máximo de representación da Delegación do Alumnado que supervisa os seus órganos de dirección e xestión, coas competencias que lle son atribuídas polos Estatutos da Universidade de Vigo, polo Regulamento de Réxime Interno da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía e polo presente Regulamento.

A normativa estatal básica sobre o Procedemento Administrativo Común en materia de funcionamento dos órganos colexiados será supletoria en todos aqueles aspectos non previstos nos Estatutos da Universidade de Vigo, nin polo Regulamento de Réxime Interno da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, nin polo presente Regulamento.

Artigo 4.

A Xunta de Delegación está composta por:

- a) Tódolos membros da Dirección da Delegación do Alumnado.
- b) Tódolos/as Coordinadores das Comisións Asesoras Permanentes da Delegación do Alumnado.
- c) Tódolos/as Coordinadores das Comisións Asesoras Temporais da Delegación do Alumnado, durante o período de existencia de ditas Comisións.
- d) Tódolos/as representantes do alumnado da Escola de Minas e Enerxía na Xunta de Escola.
- e) Tódolos/as representantes do alumnado da Escola de Minas e Enerxía no Claustro Universitario.
- f) Tódolos demais membros da Delegación, con voz pero sen voto.

Artigo 5.

Se algún dos/das membros renunciara ó seu posto durante o período de representación será substituído por aquela persoa que obtivese o maior número de votos nas eleccións convocadas ó respecto.



Artigo 6.

Son competencias da Xunta de Delegación as que seguen:

- a) Elixir e revogar, no seu caso, tódolos cargos da Dirección da Delegación do Alumnado.
- b) Elixir ós Coordinadores de cada unha das Comisións Asesoras, Permanentes e Temporais, así como revogalos ou cesalos total ou parcialmente cando considere oportuno.
- c) Crear ou cesar algunha Comisión cando así o considere oportuno.
- d) Supervisar a xestión dos órganos de goberno e a administración da Xunta de Delegación.
- e) Aprobar o orzamento económico anual proposto polo/a Tesoureiro/a.
- f) Aprobar e reformar o Regulamento de Réxime Interno da Xunta do Alumnado e poñer a disposición da Xunta de Escola unha copia, segundo o Artigo 47 do Regulamento de Réxime Interno da Escola de Minas e Enerxía.
- g) A interpretación dos estatutos e regulamentos da Delegación de Alumnos
- h) Convocar Asembleas Xerais de Alumnos na Escola.
- i) Propoñer os períodos de convocatoria ás Eleccións da Xunta de Escola.

Artigo 7.

A convocatoria da Xunta de Delegación corresponde ó Delegado/a ou Subdelegado/a da Delegación do Alumnado.

Artigo 8.

A Xunta de Delegación pode ser convocada de xeito Extraordinario polos seus membros, sempre que asinen a petición de convocatoria un 15% dos mesmos.

Artigo 9.

A Xunta de Delegación reunirase con carácter Ordinario polo menos unha vez por mes.



Artigo 10.

A Orde do Día será elaborada polo/a Delegado/a ou Subdelegado/a da Delegación do Alumnado, axudado polo/a Secretario/a ou Subsecretario/a da Delegación do Alumnado. Na Orde do Día figurarán obrigatoriamente as mencións de aprobación das actas da sesión anterior, asuntos de trámite, rogos e preguntas e acordos da Comisión Delegada; salvo que a Xunta de Delegación se convoque con carácter Extraordinario para debater un tema ou temas, ou para a revogación de todos ou algún dos membros da Comisión Delegada. A inclusión de puntos na Orde do Día poderá facela calquera membro da Xunta de Delegación.

Artigo 11.

A Xunta de Delegación constituirase en primeira convocatoria coa asistencia da maioría absoluta de tódolos seus membros, e en segunda convocatoria 30 minutos despois coa presenza, alomenos, dun 10% dos seus membros. De non acadar quórum na segunda convocatoria procederase a unha nova convocatoria nun prazo máximo de 6 días lectivos. Á Xunta de Delegación pode asistir calquera alumno/a da Escola, con voz pero sen voto.

Artigo 12.

A Xunta de Delegación de carácter Ordinario deberá ser convocada con 3 días lectivos de antelación. No caso de ter carácter Extraordinario, a convocatoria poderase realizar ata con 24 horas de antelación.

Artigo 13.

- i. A Xunta de Delegación será presidida polo/a Delegado/a ou Subdelegado/a da Delegación do Alumnado, asistido polo/a Secretario/a ou Subsecretario/a da Delegación do Alumnado, o cal levantará acta da sesión.
- ii. De non asistir o/a Delegado/a da Delegación do Alumnado ou o/a Subdelegado/a no seu lugar, a Xunta de Delegación celebrarase nun prazo non maior a 6 días lectivos.

Artigo 14.

Os acordos serán acadados por maioría simple de votos favorables a unha proposta, exceptuando os asuntos de especial relevancia determinados neste Regulamento. Os acordos de especial relevancia que non poidan ser acadados con maiorías simples requirirán a presenza da cuarta parte dos membros da Xunta de Delegación. De resultar unha votación en empate esta repetirase con voto segredo e, de persistir dito empate, o



Delegado/a da Delegación do Alumnado poderá dispor do voto de calidade decisivo ou a capacidade de pospor o punto para unha nova convocatoria.

Artigo 15.

Cada un dos membros da Xunta de Delegación posúe un só voto, salvo no caso extraordinario contemplado no Artigo 14. O exercicio do voto debe ser presencial, non podendo delegalo, anticipalo ou votar por correo, excepto nos casos previstos nos Estatutos da Universidade ou no presente Regulamento.

Artigo 16.

As sesións non durarán máis de 4 horas. De prolongarse máis, a sesión deberase reanudar noutra data segundo consenso.

Capítulo 2º: A Dirección da Delegación do Alumnado

Artigo 17.

Os cargos da Dirección da Delegación do Alumnado son:

- a) O/A Delegado/a
- b) O/A Subdelegado/a
- c) O/A Secretario/a
- d) O/A Subsecretario/a
- e) O/A Tesoureiro/a
- f) Dous Vogais

Artigo 18.

Os cargos de Delegado/a e Tesoureiro/a son incompatibles coa Coordinación de Comisións.

Artigo 19.

Os cargos da Dirección da Delegación do Alumnado son elixidos por votación entre tódolos/as integrantes da Delegación do Alumnado, por maioría simple de votos.



Artigo 20.

A Dirección da Delegación do Alumnado cesará nas súas funcións ó inicio do curso académico seguinte ó que se realizou a súa elección, no mes de setembro, ou como consecuencia dunha Moción de Censura aprobada pola Xunta de Alumnos. Cada un dos cargos pode cesar de forma individual por petición propia ou por unha Moción de Censura, realizándose neste caso unha elección extraordinaria na seguinte Xunta de Delegación para escoller unha persoa que a substitúa.

Artigo 21.

O/A Delegado/a da Delegación do Alumnado ten as seguintes funcións, que serán levadas a cabo polo/a Subdelegado/a da Delegación do Alumnado na súa ausencia:

- a) Representa-la Delegación do Alumnado ante todas as persoas físicas e xurídicas que sexa necesario, ou nomear ós representantes que exerzan este labor no seu lugar.
- b) Presidi-las reunións da Xunta de Delegación e da Dirección, así como executar os seus acordos.
- c) Velar polo cumprimento da legalidade en tódalas actuacións da Delegación do Alumnado.
- d) Exerce-las restantes funcións que deriven do seu cargo, así como outras que lle outorgue o Estatuto do Estudante da Universidade de Vigo.
- e) Convocar reunións da Xunta de Delegación, así como Asembleas do Estudantado, e dar a coñecer coa suficiente antelación ditas reunións.

Artigo 22.

O/A Secretario/a da Delegación do Alumnado é quen dá conta dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración da Delegación do Alumnado e, como tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas e a expedición das certificacións dos acordos e de tódolos actos ou feitos que consten nos documentos oficiais da Delegación do Alumnado, coa colaboración do/a Subsecretario/a, que poderá substituílo en caso de ausencia. Ademais, exercerá todas aquelas funcións que lle encomende o/a Delegado/a da Delegación do Alumnado ou o/a Subdelegado/a da Delegación do Alumnado ou que lle encomende este Regulamento. Toda a documentación que realice debe estar dispoñible para calquera membro da Delegación do Alumnado que así o solicite.



Artigo 23.

O/A Tesoureiro da Delegación do Alumnado encárgase de tramitar tódolos pagos e facturas pertencentes á Delegación do Alumnado, encargándose tamén de realiza-las pertinentes Memorias Económicas que serán expostas en cada Xunta de Delegación que se solicite, cun mínimo de unha vez por cuatrimestre, e de realizar o peche económico correspondente a cada exercicio.

Artigo 24.

Os/as Vogais da Delegación do Alumnado teñen como función participar nas reunións e resolucións da Dirección, así como outras funcións que lles sexan asignadas por acordos da Xunta de Delegación.

Capítulo 3º: As Comisións Asesoras

Artigo 25.

- i. As Comisións Asesoras actúan como instancias de asesoramento técnico do/da Delegado/a ou Subdelegado/a da Delegación do Alumnado e da Xunta de Delegación e tomarán decisións e accións en aquelas cuestións expresamente delegadas pola Xunta de Delegación.
- ii. Poderá formar parte dunha ou varias Comisións Asesoras calquera estudante da Escola.

Artigo 26.

Cada Comisión terá a súa propia estrutura e réxime de funcionamento, sendo requirida a existencia dun Coordinador responsable da mesma, que debe render contas ante a Xunta de Delegación e presentar os Informes de Comisión obrigatorios ou que se lle requiran en función da Comisión.

Artigo 27.

Para a elaboración dos Informes de Comisión os Coordinadores poden consultar ós diversos órganos da Delegación do Alumnado, así como a calquera dos seus membros, cando estes estean implicados nas cuestións relacionadas.



Artigo 28.

Os Informes de Comisión e as propostas que deriven destes serán avaliados e debatidos na Xunta de Delegación.

Artigo 29.

Determinanse dúas tipoloxías de Comisións, as Permanentes, cunha estrutura fixa e un Coordinador elixido cada curso académico do mesmo xeito que a Dirección da Delegación; e as Temporais, xurdidas dunha necesidade momentánea e cun tempo de vida marcado dende a súa creación.

Artigo 30.

Son Comisións Asesoras Permanentes:

- a) A Comisión de Infraestruturas e Servizos, encargada de garantir os servizos da Delegación en canto a recursos materiais se refire, así como de resolver calquera carencia ou defecto que presenten os mesmos. Entre outras, estas funcións inclúen o empréstimo de material e o bo funcionamento e abastecemento dos equipos informáticos.
- b) A Comisión de Cultura e Ocio, co labor de organizar as actividades culturais e de ocio que realice na Escola o estudantado e procurar vías de financiamento para as mesmas. Realizará un seguimento das actividades culturais da Escola e coordinarase con ela, levando a cabo entre outras actividades o Mes Cultural de Santa Bárbara. As actividades deportivas asociadas a Santa Bárbara realizaranse en conxunto coa Comisión de Deportes e con calquera actuación que se considere a maiores na Xunta de Delegación.
- c) A Comisión de Comunicación e Relacións Públicas, coa misión de manter abertas canles de comunicación co estudantado tanto presencialmente como a través de redes sociais, coidando de manter a boa imaxe da Delegación e da Escola nestas vías; así como de potenciar a comunicación con outras Escolas, Facultades e Universidades, a través de modelos como o de reunións Interdelegacións ou Congresos.
- d) A Comisión de Deportes, encargada das actividades deportivas que se realizan na Escola por vontade do Alumnado, tanto no marco das actividades da patroa Santa Bárbara como fora del. Asimesmo, proverá de apoio e colaborará con calquera iniciativa deportiva que proveña do alumnado



TÍTULO IV: DOS ASUNTOS ELECTORAIS

Capítulo 1º: Elección da Dirección da Delegación do Alumnado

Artigo 31.

Chegado o mes de Setembro, e sempre antes do inicio de Outubro, convocarase unha sesión Extraordinaria da Xunta de Delegación que terá como punto da Orde do Día a elección do Delegado/a da Delegación do Alumnado. Son elixibles como membros da Dirección os membros con voto da Xunta de Delegación.

Artigo 32.

A Mesa Electoral estará composta por un/unha Presidente/a, un/unha Vicepresidente/a e un/unha Vogal escollidos por sorteo entre as persoas pertencentes á Xunta de Delegación.

Artigo 33.

A Mesa Electoral decidirá de canto tempo dispoñen os candidatos a Delegado/a para expor o seu programa.

Artigo 34.

Unha vez finalizada a exposición dos programas por parte dos/as candidatos/as, e tras o oportuno debate, procederase á votación por parte das persoas pertencentes á Xunta de Delegación con dereito a voto, que deberá ser secreta.



Artigo 35.

- i. Concluída a votación procederase ó escrutinio público dos votos pola Mesa Electoral, sendo proclamada polo/a Presidente/a da Mesa Electoral como Delegado/a a persoa que obtivese a maioría absoluta de votos.
- ii. En caso de que ningún candidato obteña unha maioría absoluta realizarase unha segunda volta coas dúas persoas candidatas coa maioría de votos na primeira volta.
- iii. De producirse un empate entre as persoas candidatas na segunda volta realizarase unha nova votación nun prazo máximo de tres días. De persistir o empate, será proclamado polo/a Presidente/a da Mesa Electoral a persoa candidata na segunda volta con maior antigüidade no centro. De ter ambos candidatos a mesma antigüidade, será proclamada a persoa de maior idade.
- iv. O/A Delegado/a elixirá a tódolos cargos da Dirección cando non existan candidaturas, en caso de existir o proceso de elección será idéntico ó da elección do/da Delegado. A constitución da Dirección ó completo supón a disolución da Mesa Electoral.

Capítulo 2º: Elección dos/das Coordinadores/as das Comisións Asesoras

Artigo 36.

Chegado o mes de Setembro, e sempre antes do inicio de Outubro, convocarase unha sesión Extraordinaria da Xunta de Delegación que terá como punto da Orde do Día a elección do das persoas Coordinadoras das Comisións Asesoras. É elixible como Coordinador/a de Comisión calquera alumno da Escola.

Artigo 37.

A elección dos/das Coordinadores/as realizarase mediante listas abertas, unha para cada Comisión, e un mesmo estudante pode presentarse a varias listas.

Artigo 38.

A Mesa Electoral constituída para a elección da Dirección tamén actuará para a elección das persoas Coordinadoras de Comisións. Nestas eleccións vota toda persoa pertencente á Xunta de Delegación con voto.



Artigo 39.

- i. Concluída a votación procederáse ó escrutinio público dos votos pola Mesa Electoral, sendo proclamada polo/a Presidente/a da Mesa Electoral como Coordinador/a dunha Comisión a persoa que obtivese a maioría de votos na lista da Comisión correspondente.
- ii. De producirse un empate entre as persoas candidatas realizarase unha nova votación no acto. De persistir o empate, será proclamado polo/a Presidente/a da Mesa Electoral a persoa candidata con maior antigüidade no centro. De ter ambos candidatos a mesma antigüidade, será proclamada a persoa de maior idade.
- iii. En caso de que unha persoa obteña a maioría de votos en máis dunha lista, deberá renunciar a aquelas que considere ata quedar cun único posto de Coordinación.

Capítulo 3º: Outros procesos electorais

Artigo 40.

A Delegación do Alumnado no seu conxunto manterá unha postura neutral respecto a tódolos procesos electorais que se leven a cabo na Universidade de Vigo ou fóra dela.



TÍTULO V: DA MOCIÓN DE CENSURA

Artigo 41.

A Moción de Censura é un recurso extraordinario para o cesamento de calquera cargo que derive da Delegación do Alumnado ou da Xunta de Delegación. Unha Moción de Censura pode ser convocada en calquera momento contra calquera cargo se así o solicitan o 15% das persoas pertencentes á Delegación do Alumnado.

Artigo 42.

Unha vez convocada, a Moción de Censura provoca a convocatoria dunha Xunta de Delegación Extraordinaria cuxa Orde do Día consiste na Moción de Censura. A solicitude de Moción de Censura leva aparellada a presentación dun/dunha candidato/a para substituír ó/á posible censurado/a.

Artigo 43.

A Moción de Censura considérase aprobada co voto favorable da maioría das persoas membros da Xunta de Delegación asistentes á Xunta Extraordinaria, e provoca o cesamento inmediato do/da censurado/a e a proclamación da persoa candidata aparellada.

Artigo 44.

Se a Moción de Censura non prospera, non poderá ser convocada outra contra o mesmo cargo nos seguintes 3 meses.



TÍTULO VI: DA ASEMBLEA DO ESTUDANTADO

Artigo 45.

A Asemblea é un órgano consultivo de carácter extraordinario convocado en situacións de extrema relevancia ou gravidade, co obxectivo de escoitar a todo o estudantado de forma directa e intercambiar opinións e decisións coa Delegación.

Artigo 46.

A Asemblea pode ser convocada en calquera momento por un mínimo de 30 estudantes da Escola cun tema único e determinado na solicitude. Unha vez recibida e aceptada a solicitude a Asemblea convocarase nun prazo non superior a 10 días lectivos, nun espazo que permita a libre expresión do estudantado, facilitado pola Delegación.

Artigo 47.

Á Asemblea poden asistir tódalas persoas estudantes na Escola, con voz e voto, e as decisións que nela se tomen por maioría simple terán carácter vinculante para a Delegación.



TÍTULO VII: DO LOCAL DA DELEGACIÓN

Artigo 48.

O local da Delegación do Alumnado é un lugar físico onde os representantes dos alumnos dos diferentes órganos de goberno, asociacións e estudantado en xeral se reúne e empregan os recursos alí dispoñibles. A apertura e peche do mesmo está limitado á Dirección e ás persoas representantes do estudantado na Xunta de Escola.

Artigo 49.

O local da Delegación do Alumnado é un lugar de traballo, e como tal débese ter especial coidado no mantemento e protección tanto dos bens materiais como do bo ambiente productivo.



TÍTULO VIII: DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 50.

Os comportamentos negativos para o ambiente de traballo do local de Delegación e mais a Xunta de Delegación serán castigados acorde á súa gravidade e á reincidencia da persoa infractora pola Dirección da Delegación.

Artigo 51.

Considéranse faltas leves:

- a) O emprego non axeitado e a substracción do material funxible da Delegación.
- b) Os comportamentos non axeitados, ruídos excesivos ou berros, cando estes impidan o traballo de algún/algunha compañeiro/a

As faltas leves serán castigadas coa prohibición do uso dos servizos da Delegación e o acceso ó local durante un mes.

Artigo 52.

Considéranse faltas graves:

- a) A reiteración dunha ou varias faltas leves.
- b) O dano intencionado ou substracción dos bens materiais da Delegación.
- c) O uso de linguaxe gravemente pexorativa, racista, machista ou sexista no local ou en calquera contexto relacionado ou non coa Delegación ou as súas actividades.

As faltas graves serán castigadas coa prohibición do uso dos servizos da Delegación e o acceso ó local durante todo o curso escolar, así como a redacción dun informe negativo por parte do/da Delegado/a.



TÍTULO IX: DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 53.

A iniciativa para a reforma de calquera artigo do presente Regulamento será presentada polo/a Delegado/a da Delegación do Alumnado coa súa posterior aprobación en Xunta de Delegación.

Artigo 54.

As propostas de reforma do Regulamento deberán estar debidamente articuladas e motivadas. Unha vez recibida a proposta será sometida á consideración da Xunta de Delegación. Se a proposta recibe os votos favorables da maioría absoluta das persoas membros da Xunta de Delegación presentes na sesión, abrirase un prazo para a presentación de enmendadas, que serán posteriormente consideradas.

Artigo 55.

Unha vez presentado o texto definitivo á Xunta de Delegación, será preciso para aproba-la reforma o voto favorable de tres quintas partes das persoas pertencentes á Xunta de Delegación con voto presentes na sesión.